

**A PRODUCCI3N DE MATERIAIS DIDACTICOS CON EN PARA ADULTOS.
UNHA OPORTUNIDADE PARA CONTRIBUIR A FUNCI3N EXTENSIVA DA
UNIVERSIDADE DENDE A MATERIA "DIDACTICA DE EDUCACI3N DE
ADULTOS".**

Rodr3guez Rodr3guez, J.

Zapico Barbeito, H.

Dpto de Didctica e Organizaci3n Escolar

RESUMEN

Entre as moitas dimensi3ns dende as que c3mpre considerar e atende-lo sector da terceira idade, c3mpre destacar polo seu interese e necesidade nestes momentos o papel da Didctica de Educaci3n de Adultos. 3 este precisamente o t3tulo dunha das materias de 3º de Educaci3n Social na cal reflectimos acerca da importancia que ten para o Educador Social e para os diversos profesionais a Didctica da Educaci3n de Adultos e en congreso no sector da terceira idades. Entendemos que "a aprendizaxe das persoas adultas ten sido analizado dende diferentes posici3ns, quiz3s con menos intensidade e adicaci3n que o ten sido o dos nenos e xoves. Das diferentes teor3as existentes, nosotros obtamus pola que se centra no constructivismo e na aprendizaxe significativo, tanto polo seu rigor cient3fico e pola s3a demostrada validez, como pola s3a capacidade de aplicaci3n nos procesos de ensinanza-aprendizaxe relativos 3 mundo dos adultos" (Jabonero, L3pez e Nieves, 1999:45)¹. Partindo deste formulamento entend3mo-los materiais didcticos como os recursos que poden ser utilizados polo educando ou educanda e os materiais dirixidos a educadores e educadores que te3an como prop3sito facilita-los procesos de construcci3n do co3necemento dos alumnos e docentes. De a3 que unha das actividades fundamentais que se lles prop3n 3s alumnos/as e que 3 logo obxecto de avaliaci3n 3 a elaboraci3n de materiais didcticos con e para os adultos.

Os materiais didcticos poden estar dirixidos tanto 3 3mbito formal, informal e non formal, podendo tratarse tam3n de recursos dirixidos conxuntamente 3s distintos 3mbitos. Para n3s era unha premisa fundamental que os maores se constituir3n en autores ou coatores dos seus materiais. Recordabamos nestes intres un principio que utilizamos frecuentemente nos temas relacionados cos materiais didcticos no contexto formal de que os materiais elaborados polos propios docentes e alumnos son os que mellor poder responder as necesidades de cada contexto e facilitar deste xeito os procesos de intervenci3n socioeducativa.

Nesta comunicaci3n daremos conta das conclusi3ns dun conxunto de aproximadamente 50 experiencias que durantes 6 anos se estiveron desenvolvendo na materia Didctica de Educaci3n de Adultos da Facultade de CC. da Educaci3n. A maior parte desta experiencias foron dise3adas e postas en pr3ctica. Asimesmo dunha boa parte das mesmas cons3rvanse v3deos, informes de prensa e dossieres de material que axudan a comprende-lo prop3sito dos materiais.

¹ Jabonero, M., L3pez I. e Nieves, R. (1999). *Formaci3n de Adultos*. Madrid: S3ntesis.

A PRODUCCIÓN DE MATERIAIS DIDÁCTICOS CON E PARA ADULTOS. UNHA OPORTUNIDADE PARA CONTRIBUIR Á FUNCIÓN EXTENSIVA DA UNIVERSIDADE DENDE A MATERIA “DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN DE ADULTOS”²

Rodríguez Rodríguez, J.
Zapico Barbeito, H.
Dpto de Didáctica e Org. Escolar
Fac. CC. da Educación

INTRODUCCIÓN

Entre as moitas dimensións dende as que cómpre considerar e atende-lo sector da terceira idade, é preciso destacar polo seu interese e necesidade nestes momentos o papel da Didáctica de Educación de Adultos. É este precisamente o título dunha das materias de 3º de Educación Social na cal reflexionamos acerca da importancia que ten para o Educador Social e para os diversos profesionais a Didáctica da Educación de Adultos e, en concreto, para o sector da terceira idade. No desenvolvemento da nosa actividades tivemos moi presente que *a aprendizaxe das persoas adultas ten sido analizada dende diferentes posicións, quizais con menos intensidade e adicación que o ten sido o dos nenos e xóvenes. Das diferentes teorías existentes, nós optamos pola que se centra no constructivismo e na aprendizaxe significativa, tanto polo seu rigor científico e pola súa demostrada validez, como pola súa capacidade de aplicación nos procesos de ensino-aprendizaxe relativos ó mundo dos adultos/as.* (Jabonero, López e Nieves (1999:45)³

Partindo deste formulamento, entendémo-los materiais didácticos como os recursos que poden ser utilizados polo educando/a e os materiais dirixidos a educadores/as que teñan como propósito facilita-los procesos de construción do coñecemento dos alumnos/as e docentes. Tendo presente esta cuestión decidimos considera-lo traballo de elaboración e adaptación de materiais didácticos con e para as persoas maiores como unha magnífica oportunidade a través da cal ensinar e aprender cos nosos maiores. Para elo, no desenvolvemento da materia de Didáctica da Educación de Adultos, planteamos ós alumnos a actividade de formular unha proposta de traballo que tivera que ver coa produción de materiais didácticos con e para adultos.

Para facilita-la posta en marcha da iniciativa, proporcionouse ós alumnos/as unha “Guía”, que axudara a facilita-lo desenvolvemento da experiencia e onde se lles pedía que a proposta de material elaborado debería conter, cando menos, os seguintes apartados: título, contextualización, obxectivos, contidos, estratexias, desenvolvemento do material, avaliación, resultados do desenvolvemento do traballo, conclusión, bibliografía e fontes consultadas. Así mesmo, levamos a cabo unha pequena sesión

² Esta experiencia obtivo o 1º Premio de Innovación Educativa da Universidade de Santiago de Compostela nos Terceiros Premios á Innovación Educativa na Universidade 2003.

³ Jabonero, M., López I. e Nieves, R. (1999). *Formación de Adultos*. Madrid: Síntesis.

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicacións

formativa onde clarificamos o sentido e o significado do que supón elaborar e adaptar materiais con persoas maiores, anticipando posibles dificultades, problemas, limitacións, etc. Hai que ter en conta que, para unha boa parte dos alumnos, era a primeira vez que realizaban unha experiencia de elaboración de material didáctico e, para a maioría, era a primeira vez que participaban en procesos de elaboración de materiais no contexto non formal.

O obxectivo xeral da experiencia baseouse na elaboración de materiais didácticos con e para persoas maiores, co propósito de mellora-la calidade de vida das mesmas. Na maior parte dos casos, e sempre e cando fora posible, pretendimos que o adulto se constituira no autor ou coautor dos seus propios recursos.

As propostas de traballo plantéáronse a principios do cuadrimestre e desenvolvéronse paralelamente ó transcurso do mesmo. Propuxose ós alumnos que identificaran contextos de traballo con persoas maiores, especialmente aqueles que se encontraran nunha situación de risco social (illamento, marxinación, dependencia, etc).

No momento de formula-la realización das experiencias, insistimos ós autores e coautores que tiveran moi en conta a necesidade de atender non só as demandas das persoas maiores, senón tamén ós diferentes estilos de aprendizaxe de cada individuo, ós diversos hábitos de traballo e á disponibilidad de cada suxeito. Puxemos especial énfase na idea de que non era necesario pensar que cada iniciativa atendese a un número amplo de suxeitos, senón que podería ser tan valiosa a experiencia que se desenvolvese co conxunto dos membros dunha asociación, como a que poida desenvolverse coa súa avoa ou avó na súa casa.

Cada una das propostas debía incluír un apartado final de valoración onde se reflexionara tanto acerca do que supuxo o traballo realizado para os alumnos, como acerca do que aportou ós propios destinatarios da actividade. Unha boa parte das experiencias foron gravadas en vídeo para a súa posterior visualización e análise. Por outra parte, e como un elemento a ter en conta para a avaliación dos traballos, pedimos ós alumnos a elaboración dun pequeno diario que permitise un axeitado coñecemento do desenvolvemento da actividade.

Trala presentación da actividade, no desenvolvemento de cada clase dedicamos aproximadamente 15-20 minutos en cada sesión a realizar un seguimento das propostas. Cabe destacar finalmente que a maioría dos suxeitos participantes nas mesmas eran maiores de 65 anos.

As unidades didácticas e os materiais podían estar dirixidos tanto ó ámbito formal, coma ó informal e non formal, podendo tratarse tamén dunha unidade didáctica dirixida conxuntamente ós distintos ámbitos. Para nós era unha **premis fundamental que os maiores se constituiran en autores ou coautores dos seus materiais**. Recordabamos nestes intres un principio que utilizamos frecuentemente nos temas relacionados cos materiais didácticos no contexto formal de que os materiais elaborados polos propios docentes e alumnos/as son os que mellor poder responder ás necesidades de cada contexto e facilitar deste xeito os procesos de intervención socioeducativa. Non obstante, e dadas as características específicas dalgunhas das actividades e dos destinatarios procedemos a empregar materiais que foron previamente diseñados polos alumnos de Educación Social ou a adaptar materiais que foron

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicacións

previamente elaborados para o ámbito escolar pero que, coas oportunas adaptacións puideron ser empregados noutros contextos.

O desenvolvemento das aproximadamente 60 iniciativas que durante casi 6 años impulsamos dende a materia de *Didáctica da Educación de Adultos* supuxo –como pode verse a continuación– converti-lo traballo sobre os materiais nunha boa oportunidade para extende-la función da Universidade máis alá da propia aula, contribuíndo a atender a cuestións sociais de crecente interese e importancia en relación co colectivo das persoas maiores, tales como a soidade, o aproveitamento do tempo libre, a resposta ante carencias culturais ou socioafectivas, limitacións físicas, psicosociais ou formativas, familiares, de saúde, etc. De igual modo, un dos obxetivos fundamentais das propostas tiña que ver coa recuperación e preservación do patrimonio lingüístico e cultural de Galicia, un aspecto no que os nosos maiores desempeñan un papel fundamental. Por outra parte, a posta en práctica das iniciativas supuxo o desenvolvemento dun intenso traballo colaborativo entre distintos profesionais, educadores, animadores, familias, etc, constituíndose nunha magnífica oportunidade para o enriquecemento persoal e profesional.

O CONTEXTO

En canto ós contextos nos que se desenvolveron as actividades, cabe destaca-la riqueza e diversidade de ámbitos e, dun modo esquemático, poderíamos dicir que os materiais elaborados sitúanse nos seguintes ámbitos específicos: medios rurais (En aldeas de: Louro, Boiro, Sarreus, Laza, A Estrada, Marín, Rianxo, Meixoeiro, Chantada, Arzúa, Ribadulla, Foz, Xove, Campo Lameiro, Zas, Vioxo), medios urbanos (Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra, Vigo), parroquias enteiras (veciños da aldea de Brandomil), grupos veciñais e asociacións socioculturais e lúdicas (Asociación de Mulleres Xestas, no Municipio de Vigo; Asociación Xuvenil San Fernando, situada en Santiago de Compostela; Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, no municipio de Vedra), colectivos de inmigrantes (tres familias caboverdianas do Concello de Foz), centros socioculturais, formativos ou lúdicos para maiores (Aulas da Terceira Idade de Santiago de Compostela), centros de formación de adultos (Aulas de Educación de Adultos da Asociación Rexurdir, de Marín; Aula de Graduado Escolar de Rianxo), residencias da terceira idade e centros xerontolóxicos (Residencia da Terceira Idade de Campolongo, en Pontevedra; Residencia-Fogar da Terceira Idade “Porta do Camiño”, ubicada en Santiago de Compostela; Residencia da Terceira Idade de Válidos de Meixueiro, en Vigo; Residencia da Terceira Idade de Chantada; Residencia da Terceira Idade de Marín), ONGs (sede da Cruz Roja emprazada en Santiago de Compostela), marco escolar en actividades interxeracionais (Colexio Público de Sarreus, na Baixa Limia), marco empresarial e da reciclaxe profesional (empresa téxtil de A Estrada), ámbitos familiares (sendo os destinatarios os propios familiares, amigos e veciños dos alumnos/as que deseñaron y puxeron en práctica as experiencias e que, sendo adultos ou persoas pertencentes ó colectivo da terceira idade, presentaban algún tipo de carencia, limitación, inquietude ou demanda de calquera índole, xa fose formativa, lúdica, sociosanitaria, cultural, relacional...).

MATERIAIS DIDÁCTICOS E PERSOAS MAIORES

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicaci3ns

Novas esixencias, novos retos, novas posibilidades estanse a abrir para adultos/as e maiores nesa sociedade do coñecemento, das novas tecnoloxías, da informaci3n e os ritmos vertixinosos de vida. E a educaci3n das persoas adultas eríxese coma un pilar incuestionablemente crucial á hora de permitir a estas persoas un acceso máis doado e democratizado a tales novas posibilidades. É precisamente por iso polo que, consecuentemente, os materiais didácticos para adultos/as preséntanse como unha chave e ferramenta de aprendizaxe e adaptaci3n 3s cambios por parte de tal colectivo, e por tanto como unha vía para acceder 3s seus dereitos e como unha auténtica responsabilidade compartida.

Os materiais didácticos para adultos/as constituíronse en ferramentas para a potenciación do desenvolvemento persoal, social, cultural e mesmo económico das persoas adultas, 3 tempo que a manifestaci3n dun dereito: o de aprender e mellorar 3 longo de toda a vida, na procura dun incremento da propia calidade de vida. Foron polo tanto guías da aprendizaxe adulta, continua, de novas experiencias, saberes, vivencias, habilidades, capacidades... nun marco no que os asuntos sociais e os riscos globais que encaran as sociedades de hoxe, chaman á participaci3n, á creatividade e á preparaci3n e explotación plena das posibilidades de t3dolos cidadáns, coma a manifestaci3n dun dereito no seo dunha sociedade do coñecemento, que resulta ser requisito imprescindible para unha sociedade civil plenamente activa.

Mellora-las condicións e a calidade de vida das persoas adultas; asegura-lo seu dereito á alfabetizaci3n e a recibir unha educaci3n básica nalgúns casos; proporcionar un maior grao de autonomía a autodeterminaci3n mediante a aprendizaxe; suprimir obstáculos da participaci3n social, da transformaci3n da sociedade e do eu persoal; buscar alternativas de educaci3n de adultos/as no mundo cambiante do traballo e da continua reciclaxe formativa; abranguer a educaci3n de persoas adultas dentro do marco de seguridade preventiva... foron algúns dos retos e grandes obxectivos que entendemos puideron cubrir os materiais didácticos dirixidos e coelaborados coas persoas adultas.

O proceso de elaboraci3n e desenvolvemento de materiais didácticos para adultos/as entroncou directamente, polo tanto, coa necesidade de avogar pola construcci3n da Educaci3n Permanente, dunha educaci3n que se establecese 3 longo de toda a vida e que cubrixe t3dolos ámbitos na que esta se desenvolve.

A elo se dirixiron os materiais de adultos/as, a enfocar a estes nas súas múltiples e diversas dimensións, co fin de contribuír á satisfacci3n das súas necesidades básicas, á mellora da súa calidade de vida e á entrega das ferramentas precisas para facilitarlles a súa axeitada participaci3n social e desenvolvemento persoal pleno.

Tales materiais estiveron estreitamente vencellados e adaptados necesariamente ás necesidades e características da aprendizaxe adulta, de tal xeito que deberían cumprir unha serie de requisitos e finalidades básicas. A aprendizaxe que se potencia a través desta vía estivo dirixida, polo tanto cara situacións reais, ben cara a resoluci3n de problemas reais e concretos dos adultos/as, ben cara a procura do seu propio entretemento, informaci3n, comunicaci3n interpersoal, potenciación de relacións interxeracionais, do seu propio autoconecemento e mellora da súa autoestima, descubrimento e desenvolvemento de capacidades e habilidades descoñecidas...

Nesta mesma liña, á hora de proporse a realizaci3n dun material didáctico para adultos/as foi preciso que os seus autores e coautores tiveran moi en conta a necesidade

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicacións

de atender non só ás demandas das persoas adultas, senón tamén ós diferentes estilos de aprendizaxe de cada individuo, ós diversos hábitos de traballo e dispoñibilidade de cada quen, na medida en que eses foron factores determinantes na consecución dos obxectivos propostos a través do traballo en cuestión e, por tanto, no posible éxito da mesma. Tamén resultou igualmente imprescindible tomar en consideración qué tipo de metodoloxía sería a máis axeitada á hora de traballar cos adultos/as a través dos materiais propostos, sendo quizais unha posible estratexia útil a da análise previa da súa propia experiencia, ofrecéndolle a cada un deles a posibilidade de optar por diferentes metodoloxías.

De calquera xeito, resulta claro que os materiais didácticos para adultos/as nacen froito dunha demanda crecente nas nosas sociedades por parte das persoas adultas, que non se resignan, nin desexan permanecer inactivas e impasibles ante as infinitas posibilidades formativas, de aproveitamento educativo do seu tempo de ocio, potencializadoras e en definitiva, optimizadoras da calidade de vida, que están a aparecer ó seu redor de xeito imparabile, pero ás que ás veces non lles resulta doado acceder por non contar coas estratexias, cos instrumentos e ferramentas precisas.

Os materiais didácticos entendemos que aportaron o seu grao de area nos procesos de integración social plena das persoas adultas e dos nosos maiores ante os torbellínicos cambios dunha sociedade que ás veces se move máis apresa que eles mesmos. As actividades e os recursos presentáronse como posibilidades de mellora da súa autoestima -como ben veremos- como chaves que lles abran portas cara o futuro, tanto no campo do coñecemento e das experiencias vitais máis diversas, coma no das relacións interpersoais e interxeracionais máis ricas.

Por outra parte, a experiencia permitiunos descubrir novos retos e “debilidades” no campo e estudio dos materiais didácticos, xa que a tónica habitual cando nos referimos ós materiais didácticos é que pensamos na escola, nas editoriais, nas relacións entre profesor-alumno, nas librarías, nos libros de texto, pero raramente pensamos nas posibilidades de desenvolvemento persoal e profesional que ofrece a produción de recursos polos propios suxeitos, nas carencias que presentan os recursos que habitualmente se empregan na escola xa que apenas recollen a figura do maior, nas características dos materiais que se empregan no contexto educativo non formais e mesmamente prestamos pouca atención ás características dos materiais que empregamos no traballo coas persoas maiores.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES

Pasamos a continuación a comenta-las características e significados das diferentes propostas realizadas polos alumnos. Previamente á súa explicación comentaremos algunha das premisas básicas das que partíamos no momento de formular ós alumnos a realización das actividades.

- Na maior parte dos casos, e sempre e cando fora posible, pretendemos que o adulto se constituira en autor ou coautor dos seus propios recursos.
- Era importante que a actividade ó redor dos materiais non se centrara exclusivamente en torno ós propios materiais, senón que era conveniente que os propios recursos fosen un medio a través do cal facilita-los procesos de

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicacións

dinamización sociocultural de asociacións e colectivos, de xeito que o desenvolvemento das experiencias supuxo o vencellamento directo das aprendizaxes dos alumnos/as con marcos de extensión universitaria (proxectos sociais e culturais).

- En xeral, a posta en práctica das actividades supuxo a involucración doutros profesionais do mundo do ensino e de fóra deste. (Véxase, por exemplo, o caso da experiencia educativa de carácter interxeracional levada a cabo no Colexio Público de Sarreus).
- Quixemos que unha boa parte das actividades estiveran dirixidas a preservar o folclore cultural galego e nalgúns casos a “descubrir” novos intereses culturais e educativos que ata o dagoira parecían esquecidos. É, por exemplo, o caso das unidades “As lembranzas dos nosos antergos”, “Avoíños: ¿que aprendemos hoxe?” ou “Facendo folclore”.
- Cabe reseñar nos últimos anos a realización dun gran número de actividades relacionadas coas Novas Tecnoloxías e nas que os alumnos/as de Educación Social, os profesionais que colaboraron e os adultos/as que formaron parte das experiencias contribuíron ó deseño e posta en práctica de iniciativas relacionadas cos novos medios.

Vexamos a continuación as grandes temáticas naas que clasificamos os materiais que configuraron o traballo cos maiores.

Transmisión do acervo cultural dos maiores: Dentro deste bloque enmarcáronse materiais dirixidas a preservar a bagaxe cultural e experiencial dos nosos maiores, así como o folclore cultural galego. Encontrámonos con propostas de elaboración de libros en base ás experiencias vitais e recordos dos maiores, coa creación dun recetario de cociña entre avoa e neta, ou coa construción dunha revista ou un dossier de relatos no marco dunha residencia para persoas maiores.

Relaciones interxeneracionais: Aquí atopamos experiencias como o “Primer encontro interxeneracional: Nadal’99”, consistente nun conxunto de dinámicas que implicaban a participación colaborativa de todas as persoas de distintas idades pertencentes a unha aldea; unha proposta de aprendizaxe interxeneracional na que varias persoas maiores ensinaban dun modo práctico ós alumnos de 5º e 6º da ESO do Colexio Público de Sarreus o proceso de fabricación do pan, os pasos a seguir na elaboración do liño, transmitíndolles así mesmo coñecementos populares en relación ás feiras, festas e romerías, xogos e cancións populares da súa comarca... Ou a experiencia “Música e aprendizaxe interxeneracional”, na que un grupo de adultos de la Banda de Música de Ribadulla actuarían como improvisados mestros de educación musical cos alumnos de 3º de primaria do colexio desa localidade.

Potenciación da memoria: Neste bloque temático encontramos unha serie de materiais destinados a exercitar e mellorar a memoria das persoas maiores implicadas nas experiencias, aplicando técnicas, dinámicas e estratexias de estimulación diversas.

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicacións

Educación para a saúde / exercicio físico (relaxación...): Aquí sitúanse experiencias destinadas a potencia-la adquisición de hábitos e estilos de vida máis saudables por parte das persoas maiores, centrándose na aplicación de técnicas de relaxación, a mellora da autonomía na organización de inxestión de fármacos, a preparación física, a alimentación...

Potenciación de habilidades cognitivas / Formación básica: Este bloque inclúe materiais orientados a “descubrir” novos intereses culturais e educativos dos maiores, proporcionándolles coñecementos e experiencias moi variadas e tratando de disminuir posibles carencias culturais básicas. Ese é o caso da experiencia “Avoíños, ¿que aprendemos hoxe?”, na que unha alumna de Educación Social diseña para os seus avós actividades de compensación alfabetizadora, talleres formativos en torno ó mundo das flores, charlas informativas, visitas... Tamén aquí encontraríamos materiais nos que se introducía ós maiores na análise da influencia dos medios de comunicación na sociedade actual, no mundo da “ecoloxía” e a educación ambiental, ou no manexo da nova moeda, o euro.

Aproveitamento formativo do tempo de ocio: Este bloque está constituído por un compendio de materiais diversos cuio obxectivo último era o de estimula-las capacidades físicas, psíquicas e sociais dos maiores a través dunha utilización productiva do seu tempo libre. Algunhas das experiencias que o constitúen serían: o diseño e representación dunha obra teatral entre profesionais e maiores dunha residencia; un *cinforum* sobre a temática da velez; unha “micro-ruta Xacobeá”; a creación dun programa ou festival de variedades (tertulias, espectáculos musicales, entrevistas, etc.) no seno da *Asociación de Mulleres Xestas...*

Novas tecnoloxías: Dentro deste bloque situaríanse experiencias que pretendían acercar ás persoas maiores ó mundo da informática e Internet, así como o manexo de electrodomésticos e aparatos electrónicos diversos.

A MODO DE REFLEXIÓN FINAL

En canto ó que supuxo para os maiores que participaron e para as institucións onde se realizaron as experiencias, podemos dicir, que en función da índole, das características e sentido específico de cada un dos materiais, cabe sinalar que os maiores experimentaron sensacións e viviron experiencias distintas, sendo diferente o xeito en que as mesmas repercutiron nas súas vidas. Estas son, dun xeito resumido, algunhas das aportacións que tra-los traballos desenvolto, opinións dos maiores e informes dos alumnos, parece que supuxeron as experiencias.

Iremos comentando brevemente as contribucións atendendo ás valoracións segundo a tipoloxía de actividades realizadas.

Transmisión do acervo cultural. Supuxo a potenciación das relacións e transmisión interxeracional, contribuir a recupera-la cultura popular dos maiores, un enriquecemento mútuo, eleva-lo nivel de autoestima, revalorización experiencial, autorrealización e recoñecemento social polo traballo realizado.

Relacións interxeneracionais. Os nosos maiores expresaron sentirse útiles transmisores de experiencias e sabedoría ás novas xeracións, compartir o seu tempo de

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicaci3ns

ocio e levar a cabo unha aprendizaxe compartida, as3 como unha estimulaci3n e participaci3n activa no seo da comunidade.

Potenciaci3n da memoria. O desenvolvemento deste tipo de actividades contribuiu 3o desenvolvemento de habilidades e estratexias de estimulaci3n da memoria, 3a satisfacci3n persoal, motivaci3n, superaci3n, revitalizaci3n, autorrealizaci3n, posta en pr3ctica de actitudes positivas cara a adquisici3n de novas aprendizaxes, aproveitamento productivo e l3dico-formativo do tempo libre, potenciaci3n das funci3ns sociais dos maiores....

Educaci3n para a sa3de/exercicio f3sico. Contribuiron enormemente 3a reducci3n da ansiedade a trav3s da adquisici3n de estratexias de autocontrol e relaxaci3n, autoconecemento, autocoidado...Adquisici3n de h3bitos e estilos de vida m3is saudables, mellora na informaci3n e formaci3n sobre temas b3sicos relacionados co tema e da calidade de vida. Inxremento da autonom3a,, seguridade, confianza , superaci3n de limitaci3ns.

*Potenciaci3n de habilidades cognitivas,*O desenvolvemento destas experiencias contribuiron a diminuir carencias culturais b3sicas e a activar potencialidades. As3 mesmo contribuiron a cumprir/cubrir motivaci3ns e intereses variados, a dar resposta a certas necesidades b3sicas a trav3s da potenciaci3n de novos centros de inter3s, habilidades, capacidades,destrezas, etc. Supuxo unha oportunidade de adaptaci3n 3s crecentes demandas e cambios sociais, etc.

Aproveitamento formativo do tempo de ocio. Este grupo de actividades contribuiron 3a estimulaci3n de capacidades e habilidades f3sicas, ps3quicas, sociais, etc, fomento de relaci3ns sociais, apertura a novas experiencias revitalizadores, fuxindo da experiencia, incremento da motivaci3n, dinamizaci3n a trav3s da concienciaci3n e descubrimento das propias potencialidades.

Novas tecnolox3as. A trav3s da realizaci3n deste tipo de traballos, os adultos que participaron nas nosas experiencias contribuiron 3a satisfacci3n de demandas formativas, educativas e sociais, a loita contra novas formas de desigualdade que xorden da sociedade da informaci3n e novas tecnolox3as, superaci3n de posibles prexuízos, "medos" ou inseguridades, consecuci3n de maior autonom3a e un aproveitamento formativo e productivo do tempo libre.

Sen d3da o que resultou com3n a todos eles, a todos os protagonistas e destinatarios dos materiais presentados foi o considerable aumento do seu autoconcepo e autoestima, a s3a autovaloraci3n persoal e formaci3n dunha autoimaxe m3is positiva, en tanto en canto viron enriquecidas as s3as vidas con novas experiencias e formaci3n que permitiron que descubrisen capacidades propias que desco3ec3an, elevando as s3as potencialidades e abrindo novos cami3ns no seu proceso de desenvolvemento e enriquecemento persoal. A implicaci3n dos maiores e das instituci3ns na actividade aportoulles a todos eles a posibilidade de explorar novas e estimulantes v3as de explotaci3n e aproveitamento formativo e productivo do seu tempo, descubrindo facetas que desco3ec3an posuir, iniciando novas afici3ns, despertando intereses, reavivando vitalidades, etc.

Para finalizar, cabe sinalar que un traballo destas caracter3sticas trouxo consigo claras implicaci3ns para os alumnos que participaron nas iniciativas, entre as que cabe destaca-las que sinalamos a continuaci3n.

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicaci3ns

Supuxo a participaci3n, gu3a e implicaci3n nas diversas experiencias. Tal e como a inmensa maior3a deles sinalou nos apartados finais de autovaloraci3n do seu traballo, este trouxo consigo unha satisfacci3n xeneralizada tralo dese3o e cumprida aplicaci3n das s3as respectivas unidades did3cticas, aport3ndolles un enriquecemento persoal, formativo e profesional valios3simo en m3ltiples e diversos eidos. Ofreceulles a oportunidade “3nica” de por en pr3ctica moito do adquirido non s3 o longo do transcurso da materia de Did3ctica de Educaci3n de Adultos –na que se enmarcou a creaci3n dos materiais-, sen3n 3 longo de toda a carreira: nos distintos 3mbitos de dese3o, avaliaci3n, programaci3n... de actividades formativas ou l3dicas, especialmente naqueles casos nos que os alumnos/as tiveran optado por cursar a especialidade de Educaci3n de Adultos.

A creaci3n e posta en pr3ctica dos recursos supuxo unha actividade realmente nova e enriquecedora para os alumnos/as de cara 3 s3a formaci3n coma profesionais do campo da Educaci3n Social. Implicou ter que asumir unha serie de roles diversos cos que non estaban familiarizados (organizadoras, coordinadoras, mediadoras, educadoras...) o cal deu lugar 3 adquisici3n dunha valiosa experiencia neses sentidos e no desenvolvemento de funci3ns coas que ter3n que lidiar na s3a futura profesi3n.

A aplicaci3n e dese3o de cada un dos materiais permitiu 3s seus autores reafirmarse na s3a crenza de que a vellez non 3 unha etapa de deterioro (tal e como se cree socialmente en demasiadas ocasi3ns), sen3n que se trata dun proceso que var3a en canto 3s s3as maiores ou menores posibilidades, de acordo co nivel de desenvolvemento previamente adquirido, posto que o progresivo incremento de aprendizaxes aumenta a3nda m3is as capacidades futuras.

As3 mesmo, conlevou unha oportunidade para reflexionar sobre a importancia de crear e po3er en pr3ctica este tipo de unidades did3cticas dirixidas 3s adultos/as e 3s nosos maiores, na medida en que a dinamizaci3n das s3as vidas repercute positivamente no seu benestar e desenvolvemento persoal. As experiencias supuxeron para eles a posibilidade de comprobar que, tal e como demostra a aplicaci3n dos diferentes materiais dese3ados, a teor3a do deterioro dos anci3ns 3 desbotable, xa que si 3s persoas de m3is idade se lles proporcionan os alicientes e actividades axeitadas, estas desenvolver3n un sentimento de utilidade. As3 poder3n adquirir co3ecementos e destrezas novas que lles permitir3n levar unha vida m3is activa e participativa, m3is motivadora e enriquecedora.

En definitiva, ter traballado no dese3o e implementaci3n dos distintos materiais aportounos unha visi3n moi positiva das enormes posibilidades que ten o traballo con estes colectivos de idade, contribuíndo a substituir a idea da xubilaci3n como un tempo baleiro, de pasividade e limitado 3 merecido descanso, podendo entenderse a xubilaci3n como un per3odo pleno de actividade e de tempo creativo e formativo.

BIBLIOGRAF3A

Caride G3mez, J. A. (2000) (Coord). *Educaci3n Social y Pol3ticas Culturales*. Santiago de Compostela: T3rculo Artes Gr3ficas.

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicaci3ns

- Castro Rodr3guez, Rodr3guez Silva, M^a B., Pose Blanco, A. M^a e Rodr3guez Rodr3guez, J. (2002). Unha semana sin libros de texto. *Cuadernos de Pedagog3a*, n^o 314, pp. 26-29.
- Garc3a M3nguez, J. y Bedmar Moreno, M. (2002). *Hacia la educaci3n intergeneracional*. Madrid: Dykinson.
- Jabonero, M., L3pez I. e Nieves, R. (1999). *Formaci3n de Adultos*. Madrid: S3ntesis.
- Murado Bouso, J. L. e Rodr3guez Rodr3guez, J. (2000). Internet na Educaci3n de Adultos: Unha Experiencia no Contexto Rural. *Revista Galego do Ensino*, 26, 205-225.
- Requejo Osorio, A. (2003). *Educaci3n Permanente y Educaci3n de Adultos*. Barcelona: Ariel.
- Rodr3guez Rodr3guez, J. (2001). Os materiais curriculares impresos e a Reforma Educativa en Galicia. *Tesis de Doutoramento*. Dpto de Did3ctica e Organizaci3n Escolar.
- Rodr3guez Rodr3guez, J. (2003a) (coord). *Materiais Curriculares e Diversidade Sociocultural en Galicia*. Santiago de Compostela: Concello de Santiago/Nova Escola Galega.
- Rodr3guez Rodr3guez, J. (2003b). *A elaboraci3n e a adaptaci3n dos materiais polos propios profesores*. Santiago de Compostela: Concello de Santiago/Nova Escola Galega.
- Rodr3guez Rodr3guez, J. y Zapico Barbeito, M^a H. (2003). *A elaboraci3n de materiais did3cticos por e para adultos/as. Unha experiencia did3ctica innovadora co alumnado de 3^o de Educaci3n Social*. Santiago de Compostela: Dpto de Did3ctica y Organizaci3n Escolar. (Documento policopiado).
- Zapico Barbeito, H^a H. (2003). *A terceira idade nos materiais curriculares de Galicia*. Trabajo Academicamente Dirixido. Departamento de Did3ctica y Organizaci3n Escolar.